



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Sesión extraordinaria urxente do 01 de xullo de 2022 (1246/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince trinta horas do día un de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(547).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(548).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (EXPEDIENTE 2.496-611)

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanza e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte o (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanza e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 26 de marzo de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanza e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019, acordou adjudicar a FCC AQUALIA, S.A., o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611),

Terceiro.- O contrato formalizouse o 27 de xuño de 2019 e comezou a súa execución o día 1 de xullo do mesmo ano.

Cuarto.- O prazo do contrato é de 2 anos e ten previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. A primeira prórroga foi aprobada por acordo da XGL de 27 de maio de 2021 (expediente 4260-611) e a segunda o día 2 de xuño de 2022 (expediente 5057-611), que entrará en vigor o próximo 1 de xullo.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 4 febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611) nos seguintes termos:

- A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas cun incremento máximo de 562,5 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 76.284,48 €, o que supón un incremento do importe total do contrato dun 1,11% do prezo do contrato.
- O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.
- O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará ás aplicacións orzamentarias 3420.2279902 Servizos Travesas, 3420.2279903 Servizos Lavadores, 3420.22707 Servizos Teis, 3420.2279913 Servizos Valadares, do orzamento vixente do Servizo de Deportes coa seguinte distribución:

aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con IVE 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €

3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, FCC AQUALIA, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.”

A modificación formalizouse o día 8 de marzo de 2021.

Sexto.- En data 28 de maio de 2022 incendiouse a piscina de Teis resultando danado o conxunto da instalación, deixando a mesma inoperativa sen data determinada para o reinicio da actividade. Segundo o informe da arquitecta técnica municipal da área de Patrimonio do 13 de xuño de 2022 o incendio ocasionou os seguintes danos irrecuperables:

- Acometida eléctrica
- Cadros eléctricos
- Alumeado e red de forza
- Bandexas e cableado eléctrico - datos
- Abastecemento de auga
- Red de pluviais
- Red de saneamento
- Recirculación de auga en vasos de piscinas
- Bombeos
- Equipos de climatización e ventilación
- Conduccions e rexas de climatización e ventilación
- Auga quente sanitaria.
- Protección Contra Incendios
- Equipos de control de depuración de auga en vasos

Sétimo.- En data 20 de xuño de 2022 o enxeñeiro de camiños municipal xunto co servizo xestor informan que para por en marcha a piscina, á vista dos expedientes que é necesario tramitar máis o prazo de realización das obras, necesítase máis dun ano, polo que non é probable a súa posta en marcha antes de 30 de xuño de 2023, data na que finaliza o presente contrato.

Oitavo.- En data 28 de xuño de 2022 o Xefe director técnico do servizo de Deportes, responsable do contrato, e o Xefe de servizo de Deportes, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato para resolver o problema xerado co incendio dunha das instalacións obxecto do contrato que nos ocupa.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

Noveno.- Con data do 28 de xuño de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto para a contratación aberto dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (Expediente 2.496-611), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste en descontar o 17 % do importe total do consumo da enerxía que consumía a piscina de Teis, o que supón unha diminución do prezo do contrato por un importe de 8.766,70 euros.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Dar audiencia ao adxudicatario, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Décimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 29 de xuño de 2022. Así mesmo manifesta que vai manter a garantía definitiva.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

No caso que nos ocupa, o prego non prevé a modificación do contrato. O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación non contempla a modificación do contrato (apartado 15.A do Anexo I -FEC-), polo que cómpre analizar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

Nestes supostos as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 206 da LCSP).

Establece o citado artigo 205, que as modificacións non previstas no PCAP só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando devinera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2b “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”.

En efecto, a presente modificación debese ao incendio dunha das instalacións que forman parte do obxecto do contrato. Por ilo, con carácter previo á exposición da modificación proposta polo servizo xestor é preciso indicar cal é o obxecto do contrato que nos ocupa. Segundo o apartado 2.A da FEC do PCAP é:

“a prestación dos seguintes servizos:

- *Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés.*
- *Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios.*
- *Complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor; atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”.*

É preciso aclarar así mesmo que o prezo desagregase en dous conceptos:

- Servizos relativos ó funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato.

- Servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos.

Os primeiros configúranse como gastos fixos e os segundos como variables, segundo necesidades, tal e como determina o apartado 3.G da FEC ao configurar o seu prezo como unitario e dicir que “se aboarán as horas efectivamente realizadas a 17,45 €/hora (Sen IVE) monitor/a–profesor/a”.

Tal e como indica o servizo xestor no seu informe, a parte fixa “comprende persoal de recepción, limpadoras, socorristas, oficial de mantemento, auxiliar de mantemento, xefe de area mantemento, dirección técnica, dirección deportiva, dirección do contrato, servizos enerxéticos, subministro de cloro e materiais funxibles para o funcionamento da instalación e unha parte variable. A parte variable comprende o persoal de actividades dirixidas e coordinador de actividades. Directamente afecta a 5 monitores de actividades dirixidas de auga, 2 monitores de actividades dirixidas de seco e un coordinador ao 55% ao coordinar tamén as actividades na piscina de Valadares. Estes monitores son necesarios para desenvolver as actividades docentes no conxunto das instalacións do contrato reforzando as actividades deportivas docentes programadas e en función da demanda polo que non se suspende o servizo”.

O informe do servizo xestor pon de releve que o obxectivo tras o incendio é dar servizo aos usuarios da instalación incendiada, que cuantifica entre 1.200 e 1.300, mediante a súa reubicación nas outras instalacións que forman parte do contrato, as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés. Para ilo incrementaranse as horas de prestación de servizo nas citadas instalacións para suplir as 103 que se deixan de prestar en Teis. Efectivamente, di ao respecto o servizo xestor que:

“O incremento de demanda pódese cubrir incrementando actividades docentes, cursos, que corresponden a parte variable do contrato, e horarios de apertura nas outras instalacións municipais do contrato ou naqueles que determine o servizo de deportes como recolle o propio PPT apartado I.I.2., para dar cobertura as necesidades de uso libre.

O servizo de deportes tras unha análise detallada da demanda das instalacións e a experiencia na xestión das instalacións acuáticas municipais, valora que se poden modificar os horarios, de referencia recollidos no PTT, das instalacións que se manteñen operativas dentro do contrato, para cubrir as necesidades de demanda e sobre todo garantir a oferta de servizo público das instalacións acuáticas municipais. A maior intensidade de uso das instalacións en funcionamento determina que se realicen reforzos nas horas de limpeza e nas ampliacións, así coma nas tarefas de conserxería e socorrismo. Por elo propónse unha reorganización de horarios das instalacións, a criterio do responsable do contrato, e que non prexudica a execución do contrato, e garante o servizo público, atendendo a seguinte distribución e non altera os custos xerais da parte fixa do contrato, a excepción da parte proporcional enerxética que se deixa de consumir na instalación de Teis pero que se consume a maiores nas outras instalacións como consecuencia da reorganización horaria.

Reorganización horaria nas outras instalacións:



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

INSTALACIÓNS	Horarios actuais	horarios modif.	incremento	total incremento	normal	noctur.	festivas	fac. corr. noc.	fac. corr. festi.	TOTALES INCREMENTO HORAS CON FACTOR DE CORRECCIÓN
								1,25	1,75	
LAVADORES	L-V									
	7:00- 23:15	7:00- 24:15	1	5		5	0	6,25		6,25
	SA									
	8:00- 21:00	7:00- 24:15	4	4	2	2		2,5		4,5
	DO.									
	9:00- 14:00	7:00- 22:00	9	9			9		15,75	15,75
TRAVESAS	L-V									
VASO1	7:00- 23:15	7:00- 24:15	1	5		5	0	6,25		6,25
	SA									
	8:00- 21:00	7:00- 24:15	4	4	2	2		2,5		4,5
	DO									
	9:00- 14:00	7:00- 22:00	9	9			9		15,75	15,75
VASO2										
	SA									
	8:00- 19:00	7:00- 21:00	3	3	3					3
	DO									
	10:00- 14:00	7:00- 14:00	2	2			2		3,5	3,5
		16:00- 20:00	4	4			4		7	7
VALADARES	L-V									
	8:30- 13:30	7:00- 23:30	5	25	20	5		6,25		26,25
	SA									
	9:00- 14:00	7:00- 22:00	10	10	10					10
	DO									
	9:00- 14:00	8:00- 14:30	1,5	1,5			1,5		2,63	2,63
		17:00- 21:00	4	4			4		7	7
				85,5	37	19	29,5			112,38

As horas afectadas polo peche da instalación de Teis son 103 de servizos para cada un dos servizos de recepción, limpeza, no socorrismo son 101, as horas que se propoñen modificar alcanza a 85,5 de recepción, socorrismo e limpeza, que cos

factores de corrección de nocturnidade, festividade e reorganización do servizo lle corresponden 112,38 hrs., semanais.

Para o desenvolvemento desta nova distribución débese ter en conta os consumibles necesarios para o desenvolvemento da mesma. O cloro e os subministros de limpeza e consumibles varios. Temos que ter en conta que o consumo de cloro afecta o número de usuarios das instalacións xa que este actúa en función da carga contaminante que pode entrar en contacto coa auga.

Atendendo ao Convenio Colectivo de Piscinas e Ximnasios municipais de Vigo as horas nocturnas teñen un custo maior que as horas normais así coma as horas festivas, por eso as horas nocturnas teñen un factor de corrección dun 0,25 e as festivas dun 0,75.

A modificación do contrato non lle afecta a parte de servizos xerais correspondentes a dirección deportiva, dirección técnica, servizo de mantemento e administración, xa que estes independentemente da incidencia na piscina de Teis se prestan no conxunto global do contrato (non é un contrato por lotes) e non depende do número de instalacións, posto que se seguirían prestando con tres, catro ou 5 instalacións, e non procede a súa modificación. Si procede modificar o referente os custos enerxéticos consumible que se deixan de prestar na instalación de Teis.

Atendendo o custo medio dos servizos enerxéticos da piscina de Teis descontarase o importe en función da proposta económica da empresa na súa oferta económica que ascendía a 3.551,57 euros sen ive mes, pero como a ampliación de horarios nas outras instalacións supón un maior consumo, estes horarios reais representan un 83% sobre o consumo da piscina de Teis (82,5 horas reais sobre as 103 de apertura da piscina de Teis). A reorganización horaria implica que os consumos nas outras instalacións aumentan xa que non e o mesmo ter o auga parada que en movemento. A auga en momento dos vasos ten grandes perdas térmicas debido a: perdas de auga pola lámina desbordante, maior renovación da auga, maior perda de temperatura polo batido da auga. Por outro banda esta o maior consumo nas duchas con motivo da reorganización horaria. Así mesmo o consumo das tres instalacións independentes non é o mesmo que nunha soa instalación, o ter cada unha delas unidades diferentes e a propia estrutura dos edificios, concretamente a altura das naves dos vasos e maior nas outras instalacións que na piscina de Teis polo que as perdas térmicas dos edificios tamén son maiores.

En consecuencia o importe final a descontar supón o 17 % do importe total do consumo da enerxía que consumía a piscina de Teis, o que supón un importe mensual de 603,77 euros sen ive, con ive 730,56 euros, sendo o cómputo anual de 8.766,70 con ive.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

Como o importe é a minorar sobre o importe total do contrato non afecta a distribución da financiación dos créditos xa retidos para o contrato, polo que non é necesario emitir novos documentos contables”.

A **modificación** proposta consiste en excluír das instalacións obxecto de prestación dos servizos sinalados no prego de prescricións técnicas particulares e no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este contrato a piscina cuberta de Teis, como consecuencia da reorganización dos servizos recollida no informe técnico do servizxo xestor de data 29 de xuño de 2022. A modificación implica descontar o 17 % do importe total do consumo da enerxía que consumía a piscina de Teis, o que supón 8.766,70 (IVE incluído).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: ao mantemento das prestacións obxecto do contrato dando servizo aos usuarios da piscina de Teis nas outras instalacións obxecto do mesmo, incrementando as horas de prestación do servizo nestas.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón unha diminución do prezo do contrato de 8.766,70 (IVE incluído), non é preciso compensar ao contratista. A modificación afecta ao último ano do contrato, que abarca o período do 1 de xullo de 2022 ao 30 de xuño de 2023.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

No caso que nos ocupa procedería reducir a garantía no importe obxecto da modificación, no entanto, o contratista, no trámite de audiencia evacuado por mor da mesma, manifesta que vai manter a garantía definitiva, polo que non procede o seu reaxuste.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (Expediente 2.496-611), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste en excluír das instalacións obxecto de prestación dos servizos sinalados no prego de prescricións técnicas particulares e no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este contrato a piscina cuberta de Teis, como consecuencia da reorganización dos servizos recollida no informe técnico do servizxo xestor de data 29 de xuño de 2022. A modificación implica descontar o 17 % do importe total do consumo da enerxía que consumía a piscina de Teis, o que supón 8.766,70 (IVE incluído).”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(549).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN NOS MESES DE XUÑO E XULLO (9.498-336) (lote 1)

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de xuño de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336) (lote 1)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.-Autorizar a tramitación URXENTE do expediente de contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo, unha vez aprobada a Declaración de deserto o procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (expediente 9486-336) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Autorizar o gasto de 73.939,76 euros , correspondente ao valor total do contrato de Servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo de 2022 , e para todo o período do contrato, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 622 prazas de actividades de verán 2022.

O orzamento para o ano 2022 será de 73.939,76 euros , que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.9912 “Campamentos de Verán” LOTES 1,2,3,4, por importe de 73.939,76 euros dos cales 66.983,01€ serán con cargo a REM 2021 e 6.956,75 € con cargo ao orzamento 2022 coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:

LOTES	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO CON IVE
LOTE 1	24.885,69 €	10% IVE	27.341,26 €
LOTE 2	14.571,00 €	10% IVE	16.028,10 €
LOTE 3	16.674,00 €	10% IVE	18.341,40 €
LOTE 4	11.117,27 €	10% IVE	12.229,00 €

IMPORTE TOTAL 4 LOTES=67.217,96 euros, + 6.721,80 IVE =73.939,76 euros

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 9 de xuño para a contratación de servizos para a organización



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo para un total de 622 prazas , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 9 de xuño.

4º.- Acordar a apertura do procedemento urgente de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de xuño de 2022, polo que non se admite neste procedemento a BARAFUNDA, S.L. (lote 1) por presentar unha oferta descifrada que permite coñecer o seu contido antes do correspondente acto de apertura, motivo de non admisión recollido na cláusula 14.1 do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336) na seguinte orde descendente:

- Lote 1: CAMPAMENTO URBANO I

Orde	Licitador	Puntuación
1	ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	69,00
2	NASCOR FORMACIÓN, S.L.U	46,07
3	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L.	21,39

- Lote 2: VERÁN EN COIA

Orde	Licitador	Puntuación
1	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICA, S.L.	69,00
2	ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	60,93
3	NANASCOR FORMACIÓN, S.L.U.	40,46
4	KOKOREMI REHABILITACIÓN, S.L.	10,00

- Lote 3: VERÁN NO BERBÉS

Orde	Licitador	Puntuación
1	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICA SL	69,00
2	ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	57,33

3	NASCOR FORMACIÓN, S.L.U.	41,38
4	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L.	30,70

- Lote 4: LUDOTECA EN VIGOZOO

Orde	Licitador	Puntuación
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	100,00
2	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICA SL	60,10
3	ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	57,55
4	NASCOR FORMACIÓN, S.L.U.	30,47

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (lote 1) (B-36.591.063), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICA, S.L. (lotes 2 e 3) (B-27.774.843) e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 4) (B-27.762.681), para que presenten, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (lote 1), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICA, S.L. (lotes 2 e 3) e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 4), o día 23 de xuño de 2022. O mesmo día presentan documentación ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICA, S.L. e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., dentro do prazo concedido. ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (lote 1) presentou documentación nas datas 23, 28 e 29 de xuño de 2022.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 23 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

1. “Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de xuño de 2022, polo que non se admite neste procedemento a BARAFUNDA, S.L. (lote 1) por presentar unha oferta descifrada que permite coñecer o seu contido antes do correspondente acto de apertura, motivo de non admisión recollido na cláusula 14.1 do PCAP.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

2. Adxudicar a *ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICA, S.L. (B-27.774.843)* o lote 2 “*VERÁN EN COIA*” e o lote 3 “*VERÁN NO BERBÉS*” do procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336) coas seguintes condicións:

- Lote 2 “*VERÁN EN COIA*”

- a) O prezo total do lote é de 13.761,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.251,00 euros.
- b) Comprométese á achega de bolsas ou mochilas con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.
- c) Comprométese á achega de gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.

- Lote 3 “*VERÁN EN COIA*”

- a) O prezo total do lote é de 15.411,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.401,00 euros.
- b) Comprométese á achega de bolsas ou mochilas con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.
- c) Comprométese á achega de gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.

3. Adxudicar a *XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681)* o lote 4 “*LUDOTECA EN VIGOZOO*” do procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 9.991,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 908,36 euros.
- b) Comprométese á achega de bolsas ou mochilas con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.
- c) Comprométese á achega de gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.
- d) Propón unha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houbese.
- e) Comprométese á achega de 3 monitores con formación especial en igualdade.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada por ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (lote 1), sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (lote 1), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 22 de xuño de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (B-36.591.063) o lote 1 “CAMPAMENTO URBANO I” do procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 26.191,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.381,00 euros.*



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

- b) *Comprométese á achega de bolsas ou mochilas con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.*
- c) *Comprométese á achega de gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(550).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING PARA O CONCERTO DO “II FESTIVAL INTERNACIONAL VIGO JAZZ-CLASS 2022”. EXPTE. 9243/335.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o “II Festival Internacional Vigo Jazz-Class 2022”(PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo das actuacións artísticas, rider e cátering para o II Festival Internacional Vigo Jazz – Class 2022 que terá lugar na Praza de Compostela de Vigo os días 5 a 9 de Xullo de 2022, dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 14 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 15 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 81.070,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 67.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- O 30 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a VIALETHEIA, S.L.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data 01 de xullo de 2022 VIALETHEIA, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 01 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a VIALETHEIA, S.L.U.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VIALETHEIA, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 01 de xullo de 2022 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VIALETHEIA, S.L.U., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o “II Festival Internacional Vigo Jazz-Class 2022” (9243-335) por un prezo total de 81.070,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 14.070,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(551).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING PARA O CONCERTO DE “LOVE OF LESBIAN”

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de LOVE OF LESBIAN (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo da actuación artística, rider e catering de LOVE OF LESBIAN o día 29 de Xullo de 2022 no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 31 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 173.998,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 143.800,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- O 23 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data 30 de xuño de 2022 ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 1 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESMERARTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 23 de xuño de 2022 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de LOVE OF LESBIAN (9236-335) por un prezo total de 173.998 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 30.198 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(552).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DA CORAL CASABLANCA DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022” EXPE 9251/335

Dáse conta do informe proposta de data 1.07.2022 informado favorablemente pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Municipal na mesma data que literalmente di

“1.- ANTECEDENTES

Con data 30 de xuño de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística da Coral Casablanca** o día 15 de xullo no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 30/06/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de xuño 2022.
- Memoria económica, de data 1 de xullo de 2022
- Documento económico, de data 1 de xullo de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 1 de xullo de 2022
- Memoria xustificativa, de data 1 de xullo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1246/1102

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 1 de xullo de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 1 de xullo de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística da Coral Casablanca** o día 15 de Xullo de 2022 no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 1 de xullo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xullo de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **37.657,75 € euros**, sendo o valor estimado do contrato de **33.725,41 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez